

AS MAUS DA PEDRA

-A Paio, in memoriam

Mestre arghina, canta e nunca esquenzas, meu Senhor,
que somos auga en rega.
Velaí a códea mineral que tan ben labras
e nace contigo un aloumiño de paxaro
en outonía coma refacho doutro tempo
para as aves e as abellas do aire que non cesa
en ser respiro, alerta
en Barcia e Catasós, repenicas Alemparte
e medra no granito a criatura do real
que sempre somos base,
vara, cañota e capitel, gárgola, soleira
coma un bico do tempo
que soñamos cando rompes o callao e todo
vive en harmonía coa paisaxe dos adentros.
Mestre arghina Paio lembra en nós a terra sempre
en alba, madrugueira e forte, ancha contra o tempo:
ferrados de ollos contigo somos a dicir
canteiro en arte, segrel da labra en romaría.

Xosé Vázquez Pintor
Agolada, maio 2009